

Subindo a aposta

Narrativa Os escritores César Aira e Roberto Bolaño nunca se coñeceron. E se chegasen a encontrarse?

A *pregunta perfecta* (O caso Aira-Bolaño) é a historia dunha ucronía. Ou mellor debería escribir a historia da especulación sobre unha posible ucronía: César Aira e Roberto Bolaño, destacados escritores coetáneos, estiveron a piques de se atopar en moitas ocasións, pero nunca chegaron a facelo. Dos porqués dese imposible encontro, do que cada un deles tería achegado a tal xuntanza, das vidas paralelas en moitos sentidos e disímiles noutros que ambos e dous levaban é do que trata esta novela, que incorpora como traca final un conto no que o propio narrador, transfigurado en autor, relata ese encontro negado polo Destino.

Entre a estación de partida —a elucubración sobre que tería ocorrido de encontrárense os dous novelistas— e a estación termo —a ficcionalización hipodixética de

tal circunstancia— a obra multiplícase en referencias metaliterarias, converténdose nun auténtico exercicio de autodiagnose escritural, onde máis que o que propiamente se conta importa a análise inquiridora sobre o feito ficcional, sobre o proceso de creación mesmo, os seus fantasmas e trapelas, as súas herdanzas e xenéticas, os seus límites e calellas sen saída.

En Juan Tallón asombra precisamente iso, a vertixinosa capacidade para repregar o discurso e facer del o propio protagonista do narrado, esa rara habelencia pola que se consegue formular unha hipótese inicial —en aparencia intranscendente— e elevala a rango protagónico ao longo das preto de duascentas páxinas coas que conta o libro.

Entretecida con firmes tanzas que se abrazan rexamente, a pre-

A pregunta perfecta (O caso Aira-Bolaño)

Juan Tallón ·

Sotelo

Blanco, 2010 ·

200 páx · 15 euros



gunta perfecta non desbota a mostra subxenérica, ao contrario, fai dialogar a diarística coa transcripción de e-mails, a narración discursiva co relato, conseguindo recrear unha particular atmosfera calidoscópica onde cada peza ten o valor que lle corresponde nese canxado final que nos devolve a visión integral da creatura novelesca.

Porque *A pregunta perfecta*, cómpre dicilo, é un artefacto literario no seu máis pleno sentido, un cubo rubik de facetado textual que se auto-



The Wedding // **Robert Motherwell**

combina e aleatoriza redispoñendo unha vez e outra tamén as teselas dunha historia na que o enigma, o

misterio, se volve aglaio e alenta nunha vertixe de intemporal raiceira.

// **Armando Requeixo**